



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO NEGOCIADO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - PMTD	
Número expediente:	Documento:
CON/9/2017	CON11I0CJ
2X1N2D1L6R20395A10BP	

PORTADA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATOS DE SERVIZOS POLO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

Punto 1. OBXECTO DO CONTRATO, NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO E ESPECIFICACIÓN DE SE O CONTRATO SE ATOPA SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

Obxecto: Organización e desenvolvemento da acción formativa de panadería e bolería.

Código CPV 80530000-8: Servizos de formación profesional.

Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato:

Contratación do servizo de organización e desenvolvemento da acción formativa de panadería e bolería, dentro do programa municipal de formación, programa co que se pretende mellorar a formación e empregabilidade das persoas desempregadas deste concello. Esta contratación resulta necesaria xa que o Servizo Sociocomunitario non dispón de persoal capacitado, polo que ineludiblemente debe contratar con empresas especializadas no desenvolvemento desta acción formativa. O encargo destes traballos realízase ao amparo das competencias reguladas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co disposto no artigo 3.3 e a disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local nos que se aclara que non se consideran como exercicio de novas competencias para a administración local, entre outras, a prestación de servizos xa establecidos, como é neste caso, as actividades incluídas dentro do programa de formación municipal para persoas desempregadas do concello de Narón.

Punto 2. ORZAMENTO DO CONTRATO

2.1. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Tipo de licitación:

Será de 54,00 euros/hora. De conformidade co establecido no artigo 20.1.9º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, o presuposto do contrato estará exento de IVE, polo que o adxudicatario deberá presentar a exención do mesmo a través do documento expedido pola Axencia Tributaria.



NARÓN

No caso de que se presente algún licitador que non se ache neste suposto, a oferta da empresa, IVE incluído, non poderá superar o tipo de licitación indicado.

O orzamento máximo é de 18.900,00 euros, de acordo co seguinte cadro de execución:

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN	ANO DE REALIZACIÓN	Nº DE ALUMNADO	Nº HORAS MÍNIMO	COSTE HORA MÁXIMO	ORZAMENTO POR EDICIÓN
Panadería e bolería	2017	15	350	54	18.900,00
Orzamento total:					18.900,00€

En todo caso, as cifras consignadas neste apartado, constitúen a cantidade máxima que se abonará.

2.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Para os efectos do establecido no artigo 88 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato, IVE excluído, é o seguinte:

- 2.2.1. Orzamento máximo: 18.900,00 €
- 2.2.2. Eventuais prórrogas: 0,00 €
- 2.2.3. Importe das modificacións: 0,00 €
- 2.2.4. TOTAL: 18.900,00 €
- 2.2.5. IVE 0,00 €
- 2.2.6. Total 18.900,00 €

Punto 3. FINANCIAMENTO

O financiamento do contrato realizarase con cargo aos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2016, prorrogado para o ano 2017, debendo consignarse na aplicación orzamentaria 15 24100 22799 o crédito necesario para facer fronte ao gasto que ocasionará este contrato.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONTÍA
2017	15 24100 22799 (RC=1892/17)	18.900,00

Punto 4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Oferta económica: 51 puntos
Valoración técnica do proxecto presentado: 34 puntos
-congruencia do proxecto: 19 puntos
-perfil do profesorado: 15 puntos
Melloras: 15 puntos

4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

- a) **Mellor oferta económica:** Puntuación máxima 51 puntos. A oferta valorarase de acordo coa seguinte fórmula de proporcionalidade aritmética, outorgando a máxima puntuación ao licitador



que oferte o prezo/hora máis baixo e aplicando a seguinte fórmula para calcular a puntuación das restantes ofertas:

$$\text{Puntuación} = 51x \frac{\% \text{ baixa oferta a valorar}}{\% \text{ maior baixa ofertada}}$$

b) Perfil do profesorado: Puntuación máxima 15 puntos.

Perfil do profesorado (nos últimos 5 anos)	(ata 15 puntos)
Experiencia profesional da persoa docente na especialidade a impartir. Puntuarase 0.10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos	Ata 4 puntos
Experiencia docente da persoa docente na especialidade a impartir. Puntuarase 0.20 puntos por cada 50 horas impartidas ata un máximo de 4 puntos	Ata 4 puntos
Formación recibida pola persoa docente na especialidade a impartir. Puntuarase 0.20 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 puntos	Ata 1 puntos
Formación recibida pola persoa docente relacionada coa formación de formadores. Puntuarase 0.20 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 2 puntos	Ata 2 puntos
Formación recibida pola persoa docente relacionada coa formación en plataformas de teleformación e teletutoría. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 puntos	Ata 1 punto
Formación recibida pola persoa docente relacionada coa formación en igualdade. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 puntos	Ata 1 punto
Formación recibida pola persoa docente relacionada coa formación en sensibilización medioambiental. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto	Ata 1 punto
Formación recibida pola persoa docente relacionada coa formación en inserción laboral e orientación laboral. Puntuarase 0.25 puntos por cada 50 horas recibidas ata un máximo de 1 punto	Ata 1 punto
Total	15 puntos

c) Melloras: Puntuación máxima 15 puntos.

Melloras	(ata 15 puntos)
Aumento do número de horas para desenvolver a acción formativa	Ata 6 puntos



<p>prevista no prego.</p> <p>Non se computarán as horas das outras melloras presentadas.</p> <p>Non se valorarán aquelas actividades nos que non se detalle o obxectivo, a metodoloxía, o cronograma de actuación en relación ao módulo de impartición, e unha avaliación do resultado da mesma.</p> <p>Puntuarase 0.10 puntos por cada hora incrementada ata un máximo de 6 puntos</p>	
<p>Aumento do número de horas para desenvolver a acción formativa con módulos adicionais aos previstos no prego.</p> <p>Non se computarán as horas das outras melloras presentadas.</p> <p>Non se valorarán aquelas actividades nos que non se detalle o obxectivo, a metodoloxía, o cronograma de actuación en relación ao módulo de impartición, e unha avaliación do resultado da mesma.</p> <p>Puntuarase 0.10 puntos por cada hora incrementada ata un máximo de 6 puntos</p>	Ata 6 puntos
<p>Organización de charlas complementarias con persoal experto de forma xustificada, e relacionada coa acción formativa e que non supere a hora e media.</p> <p>Non se valorarán aquelas actividades nos que non se detalle o obxectivo da visita, a metodoloxía, o cronograma de actuación en relación ao módulo de impartición, e unha avaliación do resultado da mesma.</p> <p>Puntuarase con 0.25 cada charla ata un máximo de 1,5 puntos</p>	Ata 1,5 puntos
<p>Organización de visitas profesionais relacionadas coa acción formativa.</p> <p>Non se valorarán aquelas actividades nos que non se detalle o obxectivo da visita, a metodoloxía, o cronograma de actuación en relación ao módulo de impartición, e unha avaliación do resultado da mesma.</p> <p>Puntuarase con 0.25 cada visita ata un máximo de 1,5 puntos</p>	Ata 1,5 puntos
Total	15 puntos

Dacordo co establecido na Disposición adicional cuarta do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios de valoración de ofertas, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter unha maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa cadro de persoal, sempre que esta porcentaxe supere o 2%.



NARÓN

Unha vez aplicada a cláusula anterior, de manterse a igualdade entre dúas ou máis proposicións, de conformidade co establecido no artigo 11.4 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade.

4.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

Mellor proxecto técnico para o desenvolvemento da formación (Puntuación máxima 19 puntos), que virá definido de acordo cos seguintes sub-apartados:

Congruencia do proxecto	(ata 19 puntos)
A empresa presenta un proxecto no que se reflicten os apartados establecidas no prego e presentan unha congruencia lóxica entre os seus elementos: Non se valorarán aqueles proxectos nos que non se detallen os elementos establecidos no prego.	Ata 11 puntos
O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención innovadores (tanto nas actividades, como metodoloxías ou sistemas de participación). Non se valorará aqueles elementos nos que non se detallen os protocolos de actuación, nin as pautas para a súa aplicación.	Ata 2 puntos
O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención no que se contempla a perspectiva de xénero	Ata 2 puntos
O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención no que se contempla a sensibilidade medioambiental	Ata 2 puntos
O proxecto contén, a lo menos, un elemento de intervención no que se contempla a utilización da plataforma de teleformación	Ata 2 puntos
Total	19 puntos

As ofertas que non acaden un mínimo de 12 puntos nos criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes serán descartadas e non continuarán no proceso de licitación.

A suma de todos os subapartados do artigo 4.2 non poderá exceder do máximo de 19 puntos.

Punto 5. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO

Por ser o orzamento do contrato inferior ás cantidades indicadas no artigo 177.2 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e dada a escasa contía e complexidade deste contrato así como a premura no inicio das actividades incluídas no programa de formación do Servizo Sociocomunitario.

Punto 6. DURACIÓN DO CONTRATO

350 horas a desenvolver durante a anualidade de 2017. A execución do contrato comezará a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de inicio.

Punto 7. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN DO CONTRATO

O prezo



NARÓN

Punto 8. PRÓRROGA DO CONTRATO

Non procede

Punto 9. VARIANTES OU ALTERNATIVAS QUE PODE PRESENTAR O LICITADOR E REQUISITOS E MODALIDADES DE PRESENTACIÓN DE VARIANTES

Non procede.

Punto 10. EXISTENCIA DE LOTES

Non procede.

Punto 11. GARANTÍA PROVISORIA-DEFINITIVA

Non procede a garantía provisoria. Esíxese unha garantía definitiva polo importe do 5% do orzamento máximo do contrato, IVE excluído, de ser o caso.

Punto 12. GARANTIA COMPLEMENTARIA

Non procede

Punto 13. CLASIFICACIÓN NECESARIA PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN

Non é necesaria

Punto 14. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA

1. Solvencia económica e financeira da empresa
2. Solvencia técnica ou profesional

Punto 15. CRITERIOS PARA CONSIDERAR A OFERTA CON VALOR ANORMAL OU DESPROPORCIONADO

Non procede

Punto 16. FORMA DE PAGO

O pagamento farase efectivo mediante pagamentos periódicos parciais correspondentes a mensualidades vencidas e na parte proporcional que lle corresponda, previa presentación de factura conformada pola unidade encargada do seguimento da execución do contrato. A factura conterá todos os datos esixidos pola lexislación vixente, indicando os seguintes datos: Servizo Sociocomunitario, nome da acción formativa, datas de realización da acción formativa e número de horas facturadas e prezo/hora.

Ademáis, no caso do último pago, será necesaria presentar previamente unha memoria da acción formativa tal e como se dispón no apartado 6.7 do prego de cláusulas técnicas.

Punto 17. ABONOS A CONTA POR OPERACIÓNS PREPARATORIAS

Non procede.

Punto 18. PRAZO DE GARANTÍA

A garantía definitiva será devolta ao contratista transcorridos dous meses do remate do contrato e previo informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Punto 19. PENALIDADES CONTRACTUAIS

De conformidade co disposto no artigo 212 do TRLCSP, en caso de incumprimento, a proposta do responsable do contrato, e previa tramitación das actuacións oportunas e con audiencia do contratista poderá impoñer as seguintes penalidades:



FALTAS LEVES:

Para o caso dun incumprimento das obrigas recollidas para o contratista nos apartados 6.7 e 7 do prego de condicións técnicas, prevese a imposición dunha sanción correspondente a un importe de entre o 0 e o 4 por cen do presuposto do contrato.

FALTAS GRAVES:

No caso da contravención da prohibición de subcontratación e da omisión das obrigas en materia de prevencións de riscos, prevese a sanción correspondente a un importe de entre o 4 e o 8 por cen do presuposto do contrato, e de producirse un incumprimento reiterado destas obrigas, a administración poderá optar pola resolución do contrato.

FALTAS MOI GRAVES:

Cando o contratista incorrera nun trato irrespetuoso con respecto ao alumnado da acción formativa, a administración poderá impoñer unha penalidade de entre o 8 e o 10% do presuposto do contrato.

O incumprimento da obriga recollida no apartado 6.7 en canto á documentación que debe presentar o primeiro día da acción formativa dará lugar á resolución do contrato. A mesma penalidade está prevista para o caso de que o adxudicatario utilice a información subministrada para fins distintos ao obxecto do contrato.

Punto 20. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede

Punto 21. PORCENTAXE MÁXIMA DE SUBCONTRATACIÓN

Non se permite a subcontratación.

Punto 22. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CONTRATO

Non se establecen

Punto 23. MODIFICACIÓNES DO CONTRATO

En aplicación do establecido no artigo 106 do TRLCSP, non están previstas modificacións do contrato. Unha vez perfeccionado este, só poderá ser modificado por razóns de interese público cando as circunstancias e cos límites previstos no artigo 107 do TRLCSP.

En ningún caso poderase modificar o contrato co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.



NARÓN

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATOS DE SERVIZOS POLO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1 - Obxecto do contrato

CLÁUSULA 2 - Valor estimado do contrato e orzamento de licitación

CLÁUSULA 3 - Constancia expresa da existencia de crédito

CLÁUSULA 4 - Procedemento e forma de adxudicación

CLÁUSULA 5 - Duración do contrato

CLÁUSULA 6 - Exposición do expediente

II. LICITACIÓN

CLÁUSULA 7 - Solicitude e presentación de ofertas

CLÁUSULA 8 - Lugar, prazo e forma de presentación de proposicións

CLÁUSULA 9 - Igualdade, transparencia e confidencialidade

III. CLÁUSULAS ESPECIAIS RELATIVAS Á LICITACIÓN

CLÁUSULA 10 - Apertura de proposicións e actuación da Mesa de Contratación

IV. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 11 - Selección da oferta economicamente máis vantaxosa

CLÁUSULA 12 - Acreditación de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e da seguridade social e Imposto de Actividades Económicas

CLÁUSULA 13 - Constitución da garantía definitiva

CLÁUSULA 14 - Garantía complementaria

CLÁUSULA 15 - Adxudicación do contrato

CLÁUSULA 16 - Formalización do contrato

V. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 17 - Comezo dos traballos

CLÁUSULA 18 - Obrigacións laborais e sociais e medios materiais e persoais

CLÁUSULA 19 - Outras obrigacións do contratista

CLÁUSULA 20 - Abonos ao contratista

VI. CONCLUSIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 21 - Recepción, prazo de garantía e liquidación do contrato

CLÁUSULA 22 – Modificacións do contrato

CLÁUSULA 23 - Revisión de prezos

CLÁUSULA 24 - Subcontratación, cesión do contrato e sucesión da empresa contratista durante a execución do contrato



CLÁUSULA 25 - Resolución do contrato

VII. NORMATIVA APLICABLE, PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN, RECURSOS, CUESTIÓN DE NULIDADE E CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 26 - Prerrogativas da administración

CLÁUSULA 27 - Cuestión de nulidade



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATOS DE SERVICIOS POLO PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1. OBXECTO DO CONTRATO

Será obxecto do presente contrato a realización dos traballos definidos no **Punto 1** da portada e descritos no Prego de Condicións Técnicas para satisfacer as necesidades especificadas no expediente.

CLÁUSULA 2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 88 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), a efectos de determinar a procedencia ou improcedencia da publicidade e o procedemento de adjudicación, o valor estimado para este contrato, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, é o que figura no **punto 2.2.4** da portada deste prego.

O orzamento de licitación deste contrato ascende á cantidade que figura no **punto 2.1** da portada.

No orzamento de licitación (**punto 2.1** da portada) enténdense contemplados todos os conceptos, agás o Imposto sobre o Valor Engadido, así como calquera outro imposto ou gasto que poida gravar a operación, gastos de desprazamento, visados colexiais, no seu caso, etc.

A proposición económica dos licitadores non poderá ser superior ao orzamento de licitación aprobado para a contratación no caso contrario, a proposta do licitador non será admitida.

CLÁUSULA 3. FINANCIACION

As obrigacións que se deriven deste contrato, atenderanse con cargo á aplicación 15 24100 22799 do orzamento municipal correspondente ao ano 2017.

CLÁUSULA 4. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADJUDICACIÓN

A adjudicación do contrato levará a cabo polo procedemento NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE previsto e regulado nos artigos 169 e seguintes do TRLCSP, recaendo a adjudicación do contrato ao empresario xustificadamente elixido pola administración, previa negociación dos termos do mesmo cun ou varios empresarios. Os criterios de valoración das proposicións presentadas polos licitadores establécense no **Punto 4** da portada.

A aplicación do procedemento negociado resulta xustificada en base ao establecido no **Punto 5** da portada.

CLÁUSULA 5. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo contractual ou de execución máximo do contrato será establecido no **Punto 6** da portada.



CLÁUSULA 6. EXPOSICIÓN DO EXPEDIENTE

O expediente estará de manifesto na Entidade que iniciase o expediente de contratación, a disposición de quen desexe examinalo, ata o día anterior ao sinalado para a entrega das proposicións, durante as horas de oficina de atención ao público.

II. LICITACIÓN

CLÁUSULA 7. SOLICITUDE E PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Solicitaranse ofertas a empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sen que o seu número sexa inferior a 3, e publicárase un anuncio de licitación no perfil do contratante municipal, fíxase co seleccionado o prezo do mesmo, deixando constancia de todo iso no expediente.

Deixarase constancia expresa no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento polo órgano de contratación.

Nas licitacións, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en Unión Temporal de Empresas con outras, se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar ao rexeitamento de todas as propostas por el subscritas.

Poderán presentar ofertas na licitación relativa ao contrato e na forma que se especifica máis adiante, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira, técnica e profesional, e non estean incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do TRLCAP.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, igualmente, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ha de ostentar a plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

Non poderán concorrer á licitación as empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas relativas aos devanditos contratos sempre que a dita participación poida provocar restrición á libre concorrência ou un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

A presentación de proposicións presume a aceptación, sen excepción nin reserva algunha, polo licitador das cláusulas deste Prego e do resto de documentos contractuais e a declaración



responsable da exactitude dos datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación da obra.

CLÁUSULA 8. LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

8.1. LUGAR

As ofertas deberán ser presentadas no Rexistro Municipal na Casa do Concello sita na Praza de Galicia, 1 Narón 15570, ou por correo na forma que establece o artigo 80.4 do RD 1098/2001, de 12 de outubro.

8.2. PRAZO

As propostas presentaranse no prazo que se estableza na invitación de participación ou anuncio de licitación, no Rexistro Xeral do Concello de Narón, sito na Praza de Galicia nº 1.

As proposicións presentadas fóra de prazo non serán admitidas baixo ningún concepto.

8.3. FORMA

A oferta para tomar parte na negociación presentarase en TRES SOBRES, pechados, asinados polo candidato e con indicación dos datos da empresa e do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación dos traballos de organización e desenvolvemento da acción formativa de panadería e bolería". A denominación dos sobres será a seguinte:

- Sobre un: documentación.
- Sobre dous: proxecto técnico de desenvolvemento da acción
- Sobre tres: oferta económica, perfil do profesorado e melloras.

Os documentos para incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

As proposicións presentadas fóra de prazo non serán admitidas baixo ningún concepto. Tampouco serán admitidas aquelas proposicións cuxos sobres conteñan documentación distinta da indicada neste prego para cada sobre.

8.3.1. CONTIDO DOS SOBRES

SOBRE 1) DOCUMENTACIÓN: Declaración responsable sobre a capacidade do licitador para contratar (Anexo I).

Tendo en conta que se fai uso da posibilidade prevista na modificación efectuada do Texto refundido da lei de contratos do sector público pola Lei 14/2013 de 27 de setembro de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, a acreditación documental dos requisitos para ser adxudicatario, substitúense inicialmente, por unha declaración responsable do licitador e polo órgano de contratación, só se requirirá a documentación tras o procedemento ao empresario proposto para ser adxudicatario, **bastando por tanto, unha declaración responsable do licitador de que cumpre todos os requisitos establecidos no prego.**



NARÓN

Achégase como anexo un modelo desta declaración responsable que será cumprimentado polo licitador. Unha vez entregada ou remitida a documentación non pode ser retirada, agás que a retirada da proposición sexa xustificada.

SOBRE 2) PROXECTO TÉCNICO DE DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN, redactado de conformidade co requirido no punto 6.1 do prego de prescricións técnicas, e cunha extensión máxima de **40 folios DIN A4**, escritos a dobre cara, tipo de letra Arial, tamaño 11, alineación xustificada, interliñado sencillo. **As ofertas que excedan deste número máximo de folios quedarán excluídas da licitación.**

SOBRE 3) OFERTA ECONÓMICA, PERFIL DO PROFESORADO E MELLORAS. A oferta económica será presentada segundo o modelo de **proposición económica** adxunto a este prego como **ANEXO II** asinados polo licitador ou persoa que o represente. No prezo ofertado enténdense incluídos todos os conceptos, incluídos os impostos, gastos, taxas e arbitrios de calquera esfera fiscal e o beneficio industrial do contratista. Na proposición económica deberá indicarse, como partida independente, de ser o caso, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

Non se aceptarán aquelas proposicións que:

- Teñan contradicións, omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.
- Aquelas que carezan de concordancia coa documentación examinada e admitida
- Excedan do tipo máximo de licitación.
- Comporten erro manifesto no importe da proposición.
- As que varíen substancialmente o modelo de proposición establecido que figura como **ANEXO II** deste prego.
- Nas que existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.

No relativo ao **perfil do profesorado** a entidade detallará os medios humanos dos que dispón, de conformidade co indicado no apartado 6.2 do prego de prescricións técnicas.

E en relación ás **melloras**, deberán ser indicadas e cuantificadas economicamente, sendo os criterios a ser en conta:

- Aumento do número de horas para desenvolver a acción formativa.
- Aumento do número de horas para desenvolver a acción formativa con módulos adicionais aos previstos no prego.
- Organización de charlas complementarias con persoal experto.
- Organización de visitas profesionais relacionadas coa acción formativa.

Esta documentación adquirirá carácter contractual en caso de adxudicación.

8.3.1.1 ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Non se autorizarán variantes ou alternativas dos licitadores



8.3.1.2 SUCESIÓN DA EMPRESA LICITADORA NO PROCEDIMENTO

Se durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederánlle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúnan as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia nas condicións esixidas neste prego para poder participar no procedemento de adxudicación.

CLÁUSULA 9. IGUALDADE, TRANSPARENCIA E CONFIDENCIALIDADE

O órgano de contratación dará aos licitadores un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa actuación ao principio de transparencia.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

III. CLÁUSULAS ESPECIAIS RELATIVAS Á LICITACIÓN

CLÁUSULA 10. APERTURA DE PROPOSICIÓN

10.1 Rematado o prazo de presentación de ofertas, procederase á apertura e exame dos tres sobres e comezará a valoración e a negociación do acordo cos aspectos fixados no prego.

10.2 Se se observasen defectos materiais na documentación presentada comunicárase verbalmente aos interesados e concederáse un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador emende o erro.

Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, a proposición non será admitida á licitación.

De todas estas actuacións deixarase constancia no expediente.

10.3 O órgano encargado da negociación será o órgano de contratación.

Este órgano encargado da negociación procederá do seguinte xeito:

Preparará un informe inicial de valoración no que se apliquen ás proposicións presentadas os criterios de adxudicación previstos no prego.

O órgano negociador invitará por escrito a negociar aos licitadores, indicando os aspectos de negociación recollidos neste prego coa súa avaliación. En esta comunicación non se identificará aos empresarios que presentaron o resto das proposicións.

Os licitadores poderán entón presentar nun prazo de 3 días a súa contestación, por escrito en sobre cerrado dirixido ao órgano encargado da negociación, no Rexistro Xeral deste Concello.



A contestación do licitador poderá reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais.

As novas ofertas que se presenten deberán estar sempre orientadas globalmente á mellora das súas condicións iniciais e concretar a mellora que se ofrece, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa de outro licitador no criterio ou criterios considerados.

Estas novas ofertas económicas serán obxecto de valoración de novo segundo os criterios recollidos no punto catro da carátula deste prego.

Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, o órgano encargado da negociación declarará concluída a fase de negociación e dará traslado ao órgano de contratación dos resultados desta.

10.4 Recibidos os informes correspondentes dos servizos municipais, propoñerase a adxudicación ao licitador cuxa oferta sexa economicamente máis vantaxosa, a tenor do propio contido da negociación.

IV. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 11. SELECCIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA

